



Ana Belén Fernández Dopazo, secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

CERTIFICO:

Que na reunión celebrada por este Xurado Provincial o día 26 de abril de 2021, deuse conta no punto 6º da orde do día da comunicación realizada pola CMVMC de Entenza (Salceda de Caselas), relativa á adquisición antes da entrada en vigor da Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia, de catro parcelas (201, 202, 204 e 205 do polígono 36), incluídas no expte: PO-17-ADTER/18.

1.- Na escritura pública de cesión gratuita de data trece de xaneiro de dous mil catorce, formalizada en Vigo polo notario Ernesto Regueira Núñez baixo o número de protocolo cincuenta e un (51), se describe a seguinte parcela: no municipio de Salceda de Caselas, parroquia de Entenza, lugar de Barreiro, parcela de terreo rústica, cunha superficie de cincocentos oitenta e dous metros cadrados, onde existe unha construción destinada antigamente a escola, de planta baixa e alta, cunha superficie de cento cincuenta e tres metros cadrados de planta. Estremas : Norte, camiño; Sur e Leste, coa Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Entenza, e Oeste, Román Cabaleiro Calvo. Lle corresponden as referencias catastrais: 36049A036002020000KJ e J60900300000000001JQ.

2.- Na escritura pública de agrupación de data catro de setembro de dous mil nove, formalizada en Vigo polo notario Ernesto Regueira Núñez baixo o número de protocolo douscentos noventa e seis (296), se describen dúas parcelas no municipio de Salceda de Caselas, parroquia de Entenza, barrio de Barreiro:

a).- Pazo, labradío e viña de dezaseis áreas e corenta centiáreas.- Estremas: Norte, estrada local; Sur, socalco sobre rega; Leste, María Fernández; e Oeste, o predio que se describe a continuación e terreo do Grupo Escolar.- Referencia catastral: 36049A036002010000KI.

b).- Pazo, labradío e viña, de oito áreas e trinta centiáreas.- Estremas: Norte, terreo do Grupo Escolar; Sur, socalco sobre rega; Leste, Manuel Suárez Martínez, hoxe o predio descrito anteriormente; e Oeste María Martínez Martínez.- Referencia catastral: 36049A036002050000KZ.

O primeiro dos predios descritos pertencelle por compra a Manuel Suárez Martínez e o segundo dos predios descritos por compra a Bruno Martínez Martínez, documentados en escritura outorgada no Porriño, ante a notaria de dita residencia Mónica Alba Castro, o día vinte e sete de marzo de mil novecentos noventa e un, baixo o número douscentos trinta e oito (238) de protocolo.

Por ser colindantes os predios descritos os agrupa nun só, coa seguinte descrición:

<Pazo, labradío e viña, de dous mil catrocentos setenta metros cadrados. Estremas: Norte, estrada local e terreo do Grupo Escolar; Sur, socalco sobre rega; Leste, María Fernández; Oeste, María Martínez Martínez e terreo do grupo escolar>.

c).- Pazo, de seiscentos sesenta e nove metros cadrados, identificado coa referencia catastral 36049A036002040000KS, que pertence á CMVMC de Entenza por compra a Manuel Fernández Martínez o 20 de xullo de 1991. (A CMVMC non achega escritura de compra-venda).





O Xurado acordou por unanimidade dos seus membros integrar a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión do dito monte, así como comunicalo ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou os asentamentos de inscrición oportunos. (art. 57.4 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia)

Expídese a presente certificación para que conste aos efectos oportunos

Vº e praxe:

O presidente do Xurado Provincial de Clasificación de MVMC

Antonio Crespo Iglesias

sinatura electrónica

Asinado por: CRESPO IGLESIAS, ANTONIO  
Cargo: Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de MVMC  
Data e hora: 07/05/2021 12:21:21

Asinado por: FERNANDEZ DOPAZO, ANA BELEN  
Cargo: Secretaria do Xurado Provincial de Clasificación  
de MVMC  
Data e hora: 06/05/2021 13:54:12

CVE: ZBZqfGTMg3  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



